



Vidas Mariñeiras: Programa e calendario de traballo



Horas estimadas
da formación: **37 horas**

Número de sesións por grupo:
entre 8 e 16, dependendo da
dispoñibilidade de cada grupo

Duración estimada da formación:
16 de outubro - 15 de decembro

Cada grupo deberá asistir a todas
as sesións de seguimento e realizar
semanalmente as tarefas indicadas
polo formador, de maneira que
poida desenvolver e rematar o seu
proxecto no tempo estipulado.

Detalle do programa:

PRESENTACIÓN
DO PROGRAMA

Proposta: Venres 13 de outubro

SEMANA #1. ANÁLISE
DE PROXECTOS
E FORMACIÓN TEÓRICA.
Entre o 16 e o 20 de outubro.

SESIÓNS

2, cunha duración estimada
de 1 hora e media cada unha.

CONTIDOS

Análise do proxecto: estrutura e necesidades.

Visualización de fragmentos de filmes e reflexión
sobre as súas solucións formais, de maneira que
cada grupo teña un amplo repertorio previo de
referentes técnicos e temáticos para afrontar e
resolver cada proxecto.

info@vidasmarineiras.gal

vidasmarineiras.gal

María José Crespo Fraga (GALP) 981 784 417

Pablo Cayuela Miguel (coordinación) 881 956 418

1 / 2

**SEMANA #2. ESTRUCTURA
E ESCALETA DE PRODUCCIÓN.**
Entre o 23 e o 27 de outubro.

SESIÓNS

2, cunha duración estimada de 1 hora e media cada unha.

CONTIDOS

Bosquexo dunha estrutura formal e unha escaleta de produción, supervisada e corrixida polo formador até acadar un esquema de traballo viable e que responda ás intencións dos seus autores/as.

Plan de rodaxe, dividido en 2 xornadas.

SEMANAS #5, #6 e #7.
MONTAXE
Entre o 13 de novembro e o 1 de decembro.

SESIÓNS

3, cunha duración estimada de 4 horas cada unha.

CONTIDOS

Formación práctica en editores de vídeo e audio de acceso libre.

Edición do primeiro corte. Cada grupo traballará durante unha semana nunha primeira montaxe que será posteriormente revisada e debatida en conxunto para solventar e mellorar a estrutura do filme.

Presentación da edición definitiva.

SEMANAS #3 e #4.
RODAXE
Entre o 30 de outubro e o 10 de novembro.

SESIÓNS

2, cunha duración estimada de 8 horas cada unha. Ao tratarse das xornadas máis intensivas do programa recomendamos dispoñer da fin de semana para realizalas, aínda que a rodaxe haberá de adaptarse aos condicionantes de cada produción.

CONTIDOS

Gravación dos planos e secuencias necesarias para a realización de cada filme. Esta fase de gravación estará directamente supervisada polo formador e o alumnado poderá contar, se así o desexa, cunha cámara e micrófonos profesionais.

SEMANA #8.
POSPRODUCCIÓN E MASTERIZACIÓN
Entre o 11 e o 15 de decembro.

SESIÓNS

1, cunha duración estimada de 3 horas.

CONTIDOS

Postproducción básica. O formador realizará un traballo máis especializado de corrección de cor e son de cada proxecto, co dobre obxectivo de preparar os filmes para a súa exhibición e ao mesmo tempo introducir ao alumnado nalgunhas das ferramentas profesionais de edición e postproducción de vídeo máis comúns.

EXHIBICIÓN DOS FILMES
Entre o 15 e o 31 de decembro